



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Iglesias, Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Lorenzo Cimadevila, Henrique  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Pillado González, Esther  
Roca Pardiñas, Javier  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Rubio Armesto, Belén

### PDI-A:

Costas González Xosé Henrique  
García Fontán Soledad  
García Pino Antonio  
García-Pintos Escuder Adela  
González Santamaria Pedro  
Llamas Nistal Martín  
Pérez Cota Manuel  
Pou Saracho Juan María  
Reigosa Roger Manuel Joaquín  
Rivo López, Elena  
Vallejo Pousada Rafael  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B:

Álvarez Villamarin, Xosé Carlos  
González Jorge, Higinio  
González Santamaria, Pedro

### ESTUDANTES:

Campanini Caffaro, Micaela  
Carrillo Pérez, Rosalía

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Calviño Rodríguez, Xulio  
Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

Diez Ferrer, José Bienvenido  
Fernández Fernández, Federico A.

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
García Señorán, María del Mar  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo  
Pérez Abellás, Adolfo  
Vázquez García, Celia  
Romo Pérez, Vicente

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 23 de xaneiro de 2015, convocada para as 10:00 h en primeira convocatoria e ás 10:30 h en segunda na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **23 de xaneiro de 2015** ás 10:35 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2014.
2. Informe do reitor.
3. Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Economía Aplicada da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” ao profesor W. Michael Hanemann.
4. Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.
5. Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2015/2016 e os criterios de puntuación.
6. Aprobación, se procede, da normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2015/16.
7. Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2015/16.
8. Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por don Germán Reza Miranda, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.
9. Aprobación, se procede, da Normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos do programa Horizonte 2020.
10. Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo ao consello de universidades da Fundación “Triptolemos” para o Desenvolvemento Agroalimentario.
11. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *University of Myongji* (Corea) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *University of Myongji* (Corea) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vasile Alecsandri University of Bacau* (Romania) – Convenio

específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vasile Alecsandri University of Bacau (Romania)* – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*.

## 12. Rogos e preguntas.

O reitor dá a benvida aos membros do Consello de Goberno á primeira xuntanza do ano, e tras dar lectura dos nomes das persoas que escusan a súa ausencia (referidos ao marxe desta acta), dá comezo á sesión.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 19 de decembro de 2014.

Tras indicar o reitor que non se presentaron alegacións á acta, propón a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 2.** Informe do reitor.

1. Comeza o reitor o seu informe explicando que, con data 20 de xaneiro, a Xerencia publicou a correspondente instrución para facer efectivo o acordo do Consello de Goberno, de 19 de decembro de 2014, sobre o aboamento parcial da paga extraordinaria deixada de percibir en execución do previsto polo Real decreto-lei 20/2012. Polo que xa está en marcha no servizo de nóminas e será percibida na nómina de febreiro. Este feito xa foi comunicado á comunidade universitaria polas listas de correo.
2. Continúa informando da última xuntanza do Consello Galego de Universidades, levada a cabo o 22 de decembro. O reitor amosa o seu desgusto polo procedemento e actitude da Xunta de Galicia en relación coa aprobación da implantación para o curso 2016 do grao de “Publicidade e Relacións Públicas” e o grao en “Tradución e Comunicación Intercultural” no “Centro de Estudos superiores Universitarios de Galicia CESUGA”. Así, este centro privado adscrito á Universidade San Jorge de Zaragoza, amplía a súa oferta que consistía nos títulos de “Administración e Dirección de Empresas (ADE)” e “Arquitectura”. Lembra o reitor que este centro existe na cidade da Coruña dende hai 24 anos e coas titulacións que xa tiña, estaba duplicando as que se impartían na Universidade da Coruña. Explica o reitor que fai un ano, nunha xuntanza do Consello Galego de Universidades se comentara o risco de peche do CESUGA polo baixo número de alumnos. Así que se iniciaron os trámites para romper a vinculación do University College de Dublín e adscribirse á Universidade San Jorge de Zaragoza. A pesar de que o Consello Universitario de Galicia informou desfavorablemente a esta adscrición, como o informe non é vinculante, a Consellería de Educación aprobouna, autorizando a impartición dos graos de Arquitectura e Administración e Dirección de Empresas (ADE), co argumento do mantemento dos postos de traballo e a continuidade dos títulos.

A aprobación dos títulos de “Publicidade e Relacións Públicas” e “Tradución e Comunicación Intercultural” produciuse tan só por dous votos (11 a favor e 9 en contra). Explica o reitor o sentido da súa oposición nesa xuntanza, indicando que, xa que se quere apoiar á universidade privada, cando menos esta siga a tramitación de títulos que deben seguir as demais universidades. E o período pechou o 1 de decembro.

Insiste o reitor na deslealdade no proceder da Consellería e no seu desacordo coas formas seguidas, xa que, unha vez pasada esa data, non se esperaba que introduciran este punto en asuntos de trámite co único argumento de que informe positivo da ANECA. Destaca o reitor a oposición do presidente do Consello Social da Universidade de Vigo na votación, e a sorpresa de que os presidentes dos

Consellos Sociais da USC de da UdC daban a réplica aos reitores, respondendo incluso no lugar da XUGA.

Aclara que non é preocupante a presenza dunha universidade privada, senón que as regras de xogo non sexan as mesmas e que se apliquen normativas distintas. Por ese motivo, fixo constar na acta da xuntanza, no apartado de Rogos e Preguntas, unha petición solicitando que, antes de dar ningún paso máis nesa liña, se cumpran os procesos de acreditación de títulos universitarios e de posta en marcha de universidades privadas que consta na lei do sistema universitario galego, xa que con este procedemento a Consellería está a incumprir a lei que ela mesma aprobou.

Continúa o reitor explicando que non puido manter reunións cos centros que teñen unha oferta similar a que se aprobou no CESUGA, xa que esta situación foi precipitada e sen previo aviso.

Indica finalmente que na xuntanza do pleno do Consello Social, de 29 de decembro, fixo unha presentación destes feitos para que o contexto social teña claro que a UVigo non se opón á iniciativa privada, senón a unha aplicación desigual das normas.

3. Pasa a continuación a explicar a situación actual dos proxectos de decretos do ministro Wert. Con respecto do Proxecto de Real Decreto de ordenación das ensinanzas universitarias oficiais e as ensinanzas oficiais de doutoramento, tamén coñecido como 3+2, indica que vai ser debatido o xoves no consello de ministros e, a pesar de que o Consello de Estado deu a razón aos reitores, en canto á falta de oportunidade da medida, o ministro proseguirá coa aprobación, e manifesta a súa intención de que nin sequera haxa unha moratoria. A CRUE tamén ten prevista xa un monográfico para definir como actuar na aplicación do decreto, en función do texto final co que sexa aprobado. Na próxima sesión do Consello de Goberno informará da marxe de manobra que nos quede e cal será a posible actuación.

En relación ao decreto relativo á acreditación nacional ao acceso aos corpos docentes universitarios, presumiblemente sairá neste cuadrimestre, posiblemente en marzo. O director da ANECA transmitiu que, unha vez aprobado, haberá un período de 5 meses no que non se poderá pedir acreditación por ningún dos dous. Polo que o reitor recomenda que aqueles que estean en condicións de acreditarse adianten o proceso todo o posible.

4. Explica tamén que neste curso 2014-2015 a Universidade de Vigo marcou un máximo histórico de recepción de estudantes estranxeiros. Cun total de 557 alumnos e alumnas doutros países, supérase a cifra do ano 2011-2012, que consolida a aposta da Universidade pola internacionalización. Lembra que a institución viguesa é unha das tres mellor valoradas en España polo alumnado internacional, como recolle na edición de 2013 dos premios da web StudyPortal, o portal líder en busca e selección de estudos superiores europeos. Comenta o reitor que isto é unha boa noticia, xa que ao non tratarse dunha cidade moi coñecida, pon de manifesto que a oferta académica e de actividades está marcando unha importante tendencia cara ao alumnado exterior.
5. Finalmente, comunica o reitor que no próximo Consello de Goberno presentarase o informe do director do Campus do Mar, que habitualmente era exposto no primeiro Consello do ano, por imposibilidade de asistir do seu director, Emilio Fernández. Presentaranse tamén os informes do Campus da Auga e Campus Crea.
6. O reitor comunica a finalización do período como decana da Facultade de Historia de Ourense de dona Beatriz Comendador, a quen agradece os servizos prestados, e a toma de posesión de dona Susana Reboreda.

Pregunta o reitor se algún membro do Consello de Goberno desexa algunha aclaración ou facer algún comentario en relación con estes temas.

Intervén o profesor Reigosa Roger, quen pregunta por se as acreditacións actuais van seguir sendo válidas, ou ben, se o parón quere dicir que van deixar de selo. Responde o reitor que segundo o proxecto actual seguirán sendo válidas, pero non se coñece como quedará ao final.

**Punto 3.** Aprobación, se procede, da proposta do Departamento de Economía Aplicada da concesión do grao de “Doutor Honoris Causa” ao profesor Michael W. Hanemann.

Antes de ceder a palabra á secretaria xeral, o reitor informa de que para participar neste punto foi invitado, con voz e sen voto, o profesor Xabier Lavandeira Villot, para realizar a presentación do candidato proposto.

A secretaria xeral realiza unha breve introdución, explicando que o Departamento de Economía Aplicada realizou a proposta de nomeamento do prof. Michael W. Hanemann en setembro, pero xa que a normativa actual impide que un departamento realice unha nova proposta ata pasados 4 anos da anterior, e este prazo cumpríase en decembro, decidiuse atrasar a presentación da candidatura, sendo este o primeiro Consello de Goberno tras a data de cumprimento. As dificultades de axenda do prof. Hanemann fixeron imposible pospoñer a entrega do galardón, polo que, de aprobar o Consello de Goberno a concesión do grao Honoris Causa, será necesario realizar a investidura no acto de Sto. Tomé de Aquino. Por este motivo, foi necesario enviar as invitacións ao acto antes de que se fixera a presentación diante deste Consello. Pide desculpas por este feito, pero a urxencia das datas non permitiu facelo doutra forma.

A continuación, explica que segundo a Normativa para a concesión do título de doutor/a Honoris causa, aprobada no Claustro do 10 de novembro de 2004, a proposta dun candidato realizada por un departamento debe estar avalada, polo menos, por 3/5 dos departamentos do ámbito de coñecemento. A petición presentada polo Departamento de Economía Aplicada está avalada por 11 dos 14 departamentos do seu ámbito, polo que cumpre sobradamente os requirimentos. Indica tamén que esta proposta conta co informe favorable das xuntas de centro daquelas facultades nas que o Departamento ten docencia, e que tamén foi presentada a memoria que fundamente os méritos do candidato así como un CV completo de D. Michael Hanemann, que non foi remitido coa convocatoria, pero que está á disposición dos membros do Consello de Goberno na Mesa. A continuación a secretaria xeral cede a palabra a D. Xabier Lavandeira para que realice un breve resumo do currículo do candidato.

O profesor Lavandeira destaca en primeiro lugar que se trata de un candidato con un perfil claramente académico, cun excepcional currículo no ámbito da economía empírica e ambiental. Destaca que se trata do economista ambiental vivo con maior nivel de citacións e repercusión neste campo (fundamentalmente no campo da auga e do cambio climático, ambos moi importantes para a UVigo e para diversos grupos da mesma). En segundo lugar, subliña a vinculación que o profesor Michael Hanemann ten coa cidade de Vigo, facendo mención na súa intervención no caso Prestige no que foi o primeiro científico de sona que colaborou trala catástrofe. Na actualidade esa vinculación se mantén e tamén estendeuse á súa colaboración con outras entidades públicas españolas. E finalmente, refírese a colaboración co departamento de Economía Aplicada, co que mantén unha colaboración asidua con varios investigadores.

Finalizada a exposición do profesor Xabier Lavandeira, o reitor pregunta se algún dos membros do Consello de Goberno quere intervir e toma a palabra o profesor Rodríguez Berrocal. Agradece as intervencións da secretaria xeral e do profesor Lavandeira que aclararon algúns aspectos sobre os que tiña dúbidas. Considera que é unha falta de respecto ao Consello de Goberno, que a convocatoria para a xuntanza na que debería aprobarse a concesión do Honoris Causa chegue máis tarde que a invitación ao acto de investidura. Tamén indica que debería haberse enviado un CV completo.

Agradece o reitor as recomendacións do profesor Rodríguez Berrocal, e propón aos membros do Consello de Goberno a aprobación do nomeamento de Michael W. Hanemann como novo doutor Honoris Causa pola Universidade de Vigo.

Apróbase por unanimidade.

**Punto 4.** Aprobación, se procede, da proposta dos premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

Cede a palabra o reitor á secretaria xeral, quen fai unha breve presentación lembrando os apartados das normativas de concesión dos premios extraordinarios de Fin de Carreira, Grao e Doutoramento que indican o número de premios que pode conceder o Consello de Goberno en cada categoría e os seus requirimentos. Todas os candidatos propostos para os premios 2013-14 que figuran na relación achegada coa convocatoria cumpren ditos requisitos, polo que se solicita a súa aprobación.

Apróbase por asentimento (**Anexo I**).

**Punto 5.** Aprobación, se procede, da convocatoria de concesión de anos sabáticos para o curso 2015/2016 e os criterios de puntuación.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que a normativa proposta, que consta na documentación, foi tratada na COAP e obtivo o informe favorable. Aclara que é unha normativa idéntica á de anos anteriores, salvo pola actualización das datas. Indica a vicerreitora que se presentan tamén, para a súa aprobación, uns criterios idénticos aos dos anos anteriores. Valora positivamente esa estabilidade coa intención de que o profesorado poda facer as súas previsións para poder gozar deste beneficio.

Indica a vicerreitora que se vai incluír no texto unha aclaración indicando que o disfrute do ano sabático non será compatible co exercicio de cargos académicos, xa que tense producido algunha dúbida ao respecto nos anos anteriores e convén que quede explicitado.

Solicita tamén que se delegue na COAP a aprobación das solicitudes, que estarán antes da elaboración do POD.

Finalizada a exposición da vicerreitora, intervén o Sr. Rodríguez Berrocal felicitando á vicerreitora pola inclusión da mencionada aclaración, así como dos criterios empregados na concesión.

Apróbanse por asentimento, a convocatoria para o ano 2015/16 e os criterios de puntuación.

**Punto 6.** Aprobación, se procede, da normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2015/16.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen realiza a presentación da normativa que se trae a Consello de Goberno conxuntamente cos criterios de elaboración da PDA.

Explica que esta normativa foi presentada dúas veces na Mesa de Negociación do PDI, antes do Nadal e a semana pasada. A normativa non foi aprobada na Mesa, basicamente porque os representantes se posicionan en contra da aplicación do decreto Wert.

A vicerreitora recoñece que esta normativa podería facerse mellor, polo que explica que a proposta que levou á Mesa para o curso seguinte é a de romper este documento e partir de cero: e, cumprindo cos decretos, comezar a negociar as liñas mestras nas que se recoñezan a totalidade das actividades do PDI. Xa hai nomeada unha comisión para realizalo. Tamén deberase negociar cos centros e departamentos e con outros grupos que reflictan todas as sensibilidades do PDI. Indica a vicerreitora que se debe comezar a traballar nesta liña de xeito inmediato, co obxectivo de acadar un documento no que nos encontremos todos razoablemente cómodos, pero entendendo que todos teremos que ceder.

Tras esta presentación inicial pasa a explicar o documento a grandes trazos, comentando aspectos como a bolsa de horas que o centro poderá asignar como recoñecemento ao profesorado que colabore en coordinacións de cursos, materias ou outras actividades. Esta asignación deberá ser aprobada pola Xunta do Centro e ser remitida á vicerreitoría debidamente xustificada, en función da estratexia seguida para o seus títulos. De non ser así, será devolta.

Mantéñense os recoñecementos para as actividades de intercambio de estudantes, prácticas externas e outras actividades ligadas á xestión da calidade nos centros.

En canto aos recoñecementos individuais, a vicerreitora comenta os pequenos cambios introducidos:

- O recoñecemento das actividades de coordinación de grao mantense, pero debe asignarse a unha única persoa, xa que se entende que a coordinación non pode dividirse.
- Aínda que os recoñecementos para a coordinación de títulos de de máster e doutoramento se manteñen, establécese un límite máximo de 60 h de recoñecemento para a coordinación de títulos, entendendo que permite a coordinación dun máster e un doutoramento que poden estar relacionados.
- En canto a titorización de TFG, o ano pasado produciuse un incremento das horas de recoñecemento que este ano se propón reducir. Este recoñecemento realizarase pola titorización xa realizada, tal e como se indicaba no documento do ano anterior. Establécese un máximo de recoñecementos coa finalidade de que este traballo se reparta entre todos os docentes. Este apartado debe contemplarse ligado á outra proposta que se fai. É necesario que o profesorado comprenda que a dirección dos TFG constitúe unha tarefa habitual, non unha actividade voluntaria, do mesmo xeito que a docencia doutra materia da titulación. Algúns centros teñen unha problemática concreta: os que teñen cursos ponte que permiten o paso das titulacións de 3 anos, isto xera unha gran cantidade de alumnos que realizan directamente o TFG. A proposta que se realiza neses casos é que eses TFG non computen no recoñecemento máximo. Hai que entender que o número destes TFG irá en diminución, polo que non se establece unha duración temporal.
- Mantéñense os recoñecementos para a docencia en inglés e a atención a estudantes con discapacidade.

Explica os recoñecementos derivados da participación nos programas de doutoramento e dirección de teses e comenta que se mantén o compromiso adquirido cos I3 e Manuel Colmeiro dos anos anteriores, aínda que agora non existe novo financiamento correspondente a eses programas. Finaliza a vicerreitora indicando que se manteñen os recoñecementos por cargos ou actividades de xestión, cos pequenos cambios xa explicados.

Rematada a presentación deste punto, ábrese unha quenda de intervencións.

- Intervén o profesor Rodríguez Berrocal, quen comeza lembrando as catro horas da COAP, proba da extensión dos debates desta proposta. A continuación presenta unha queixa novamente polas formas, xa que chegou antes a proposta aos membros do Consello de Goberno que aos membros da COAP para a reunión anterior, o que parece subtraer a este órgano a capacidade de propoñer modificacións aos textos presentados. Suxire que, cando os prazos sexan tan xustos, se indique na convocatoria do CG que a documentación será entregada despois de pasar á COAP. Tamén manifesta o agradecemento á vicerreitora, porque nas súas palabras se recolle boa parte do exposto na Comisión. Pero, xa que o documento é similar ao dos anos anteriores, a súa posición segue a ser votar en contra. Explica este voto en base a que considera que é un documento economicista, é dicir, resolve que non se xeren prazas, que non resolve o problema do POD, da distribución de docencia, xa que, de feito, non se pode xustificar todo o traballo do PDI. Agarda que no novo documento que se elaborará na comisión, tal vez se recoñezan estas funcións, pero polo de agora seguirá votando en contra.
- Toma a palabra o Sr. Bienvenido Díez, indicando que na Mesa de Negociación a parte sindical en xeral amosou que o documento non gusta, pero recoñece o talante negociador da vicerreitora e que o resultado probablemente sempre será inxusto, xa que non se poderán recoñecer todas as funcións do PDI, xa que habería que aumentar os cadros de persoal. Pero hai que poñelas en valor, polo que a comisión da PDAI debe comezar a actuar.
- O Sr. Federico Pérez Mato, intervén para explicar que apoiou a proposta na COAP, recoñecendo que non pode satisfacer a todos, pero que a pesar diso dende que se implantou había un consenso na insuficiencia das desgravacións. Hai algunha modificacións que lle parecen positivas (como a aclaración das bolsas de horas dos centros) e outras negativas: o recoñecemento dos TFG que se reduce e limita, o que para algúns centros representa unha redución moi importante. Supón o Sr

Pérez Mato que este aspecto non se analizou en fondura, xa que se trata dun documento continuista, modificado á baixa.

- Intervén o profesor Pérez Cota agradecendo á vicerreitora pola explicación dalgúns puntos e pola súa postura conciliadora en relación coa situación dalgúns centros. Indica que a redución dos recoñecementos aos TFG prexudica claramente aos centros con alumnos procedentes de titulacións previas de tres anos. Finaliza expresando o seu apoio aos argumentos presentados polo profesor Rodríguez Berrocal.
- A profesora Elena Rivo expresa o seu agradecemento pola sensibilidade amosada pola vicerreitora cara ós centros. Indica que o número de TFG son moi elevados polos cursos ponte, e esta situación arrástrase dende o 2010, chegándose a valores de 270 TFG por curso, o que supón unha sobrecarga, con cerca de 10 TFG por profesor, polo que agradece a ampliación da proposta realizada pola vicerreitora. Comenta que o cambio de considerar os traballos titorizados aos aprobados, pode supor para o centro unha perda de 1600 h. Solicita a supresión neste apartado da frase: “sempre que este non fose xa computado para o curso 14/15”, nese caso a perda limitaríase a 516 horas.
- A profesora Belén Rubio inicia a súa intervención tamén cun agradecemento á vicerreitora, recoñecendo que é difícil chegara a consensos neste tema. Manifesta novamente o seu desacordo con esta proposta, xa expresada anteriormente, porque causa unha desigualdade para os profesores de ciencias no relativo ao cómputo dos recoñecementos por sexenios. Nembargante, indica que, en atención á proposta de cambio que vén de presentarse, vaise abster na votación.
- Intervén o profesor Pedro González indicando que as cargas recoñecidas son inferiores ás que esixen as tarefas. Menciona que, se ben a vicerreitora indica que hai que distribuír as tarefas, na proposta a consideración da coordinación de máster non é así. Non incide novamente nos TFG, porque xa se falou, e aborda o apoio aos programas de prácticas, indicando que non será posible acadar calidade con eses recoñecementos. Parécelle surrealista o recoñecemento das materias en extinción: 1 hora xa é insuficiente para tan só para a realización de exames, e por debaixo de 5 alumnos xa non se recoñece. Solicita a revisión da proposta para alcanzar consenso.
- Toma a palabra a profesora Eva Lantarón, agradecendo á vicerreitora a capacidade de negociación do documento, a pesar de que ninguén está totalmente de acordo. Insiste en solicitar que o TFG compute como docencia plena, non como desconto, aínda que sexa o curso seguinte. Transmite unha petición do seu centro, que se teña en conta que hai profesorado que realizando actividades de calidade importantes, supera o máximo de recoñecemento.

Finalizada a rolda de intervencións, cede a palabra o reitor á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, que pasa a responder aos membros do Consello de Goberno.

- En resposta á intervención do profesor Rodríguez Berrocal, a vicerreitora coincide no aspecto relativo ao envío da documentación e indica que intentarase corrixir. En relación aos argumentos presentados, está de acordo en que a PDAI debe recoller todas as actividades do PDI, pero neste documento recolle só aquelas que se poden computar nas horas de docencia.
- Responde ao profesor Bienvenido Díez, indicando que, en efecto, neste documento non se pode recoller todo, pero si noutros documentos que podemos elaborar e que xustifican o noso traballo ante nós e ante a sociedade que é, finalmente, ante quen temos que render contas.
- Con respecto á intervención de D. Federico Pérez Mato, indica que, en efecto, pode ser que non estea todo recollido. Cando se elabore un novo documento haberá que asumir que teremos que cinguirnos aos límites que nos fixe o vicerreitor de economía e que este documento tería que estar en continua revisión.
- En relación ao comentado polo Profesor Pérez Cota, lembra a vicerreitora que a proposta presentada é incluír no documento que se exceptuarán do cómputo das horas para o máximo de recoñecemento os TFG correspondentes ao estudantado de cursos ponte”.

- Responde a vicerreitora á profesora Elena Rivo: No documento do pasado ano indicábase que temporalmente se adiantaban os recoñecementos. Deben considerarse os TFG aprobados porque non temos constancia dos traballos titorizados ata que non estean aprobados. Neste documento se recoñecen os TFG do 2013 que non foron computados e, no caso de que se retirara esta frase, computarían dúas veces. O que se recolle neste apartado pode entenderse como un aforro, pero esa non é a intención. Concreta a vicerreitora que na Facultade de Empresariais e Turismo, centro da profesora Rivo, preséntanse e apróbanse un gran número de TFG, pero tamén hai que analizar a causa do alto número dos que non se presentan (só se defende un 40%). Son estudantes que matriculan o traballo pero que finalmente non o defenden porque non aprobaron as demais materias ou por outras razóns que habería que analizar. Para o vindeiro curso haberá que procurar que os estudantes que teñan o traballo realizado e non poidan presentar fagan a matrícula só con dereito a exame.
- Indica a profesora Rivo que entre o 2010 e 2015 hai 500 persoas matriculadas do curso ponte, é esa pode ser unha explicación.
- En relación ao número de traballos dirixidos por profesor, explica a vicerreitora que existindo no centro 40 profesores a tempo completo, parece que son suficientes para dirixir 200 TFG. Está claro que o problema é de reparto, e hai que buscar unha solución. Repite a vicerreitora que a docencia non é opcional, e a dirección dos TFG son docencia, polo que haberá que explicitar as ferramentas para que as direccións dos centros poidan asignar titorizacións ao profesorado e que este o entenda como unha obriga.
- En resposta a dona Belén Rubio, transmite a vicerreitora a súa comprensión pola súa sensibilidade, ao proceder do mesmo ámbito, pero insiste que non pode ser un texto específico debe ser un documento que nos faga sentir razoablemente cómodos a todos, de todos os ámbitos.
- Responde a D. Pedro González indicando que non entende ben a pregunta, xa que a coordinación de máster non se modifica na proposta presentada respecto á do ano pasado. En canto ao reparto da coordinación, non se pode entender a coordinación entre varios profesores. O tratamento das materias en extinción tampouco se cambia e, en todo caso, é algo a extinguir.
- Continúa a vicerreitora respondendo a dona Eva Lantarón. Indica que ten que existir un máximo de recoñecementos. Na proposta de mínimos de docencia mantense o dos anos anteriores. Poderíase cambiar, pero comenta que tras realizar unha análise dos documentos doutras universidades, decidiuse mantelo. En practicamente todas as universidades os mínimos de docencia son superiores aos nosos, aínda que ben é certo que algún apartado dos recoñecementos pode ser superior.

Intervén novamente a profesora Lantarón e insiste en que o TFG debe computarse como docencia impartida. Responde a vicerreitora quen considera que o problema xurde da definición do TFG: é unha materia igual que as outras, pero con moitos matices.

Finalizadas as aclaracións da vicerreitora, o reitor abre unha nova quenda de palabra.

- Intervén o profesor Pou Saracho para explicar que o Sr. Pérez Cota refírese aos proxectos fin de carreira dos enxeñeiros técnicos que rematan este ano. A vicerreitora acepta exceptuar do máximo de recoñecementos esta situación.
- O profesor Álvarez Villamarín explica o seu voto favorable, indicando que o feito de que sexa un documento que non satisfai totalmente a ninguén, indica que é equilibrado. Considera que se está traballado con todos os sectores e que está razoablemente explicado. Comenta a súa impresión de que o bo desexo de desenvolver un documento futuro partindo de cero vai ser difícil, como a cuadratura do círculo: un bo propósito de ano novo. Anima a vicerreitora nesa tarefa. Considera que a existencia de límites non é só para establecer unha limitación nas prazas, senón para evitar a especialización de certos profesores. Hai centros que teñen profesores con moitos TFG e outros non, situación derivada de que hai áreas que coparon moita docencia nos planos de estudo e despois se



encontran con moitos traballos. Na súa opinión non se debe repartir os TFG por enriba do equilibrio establecido no plano de estudos.

- O profesor Rodríguez Berrocal, comenta que non se debe dar pos asumido que é bo o que todos consideran malo. Di que sempre haberá un límite económico que podamos recoñecer. Pero que a limitación debería ser só económica, porque se xeran agravios comparativos. Lembra o cadro de persoal teórico que existía antes e que recoñecía o que se facía na realidade. Solicita que se recoñezan todas as actividades que se realizan, aínda que logo non se poidan pagar, é dicir, unha cousa é o recoñecemento do labor individual e outra cousa é que o departamento poida ter dereito á praza.
- Intervén a profesora Rosa Pérez, quen expón que se trata dun bo documento en xeral, aínda que todos nos deamos conta que non se poden plasmar todas as actividades por cuestións económicas. Repite o exposto por outros profesores indicando que o TFG supón un conflito en moitos sentidos, e que no seu centro esa falta de recoñecemento ten orixinado conflitos abertos, e a nova redución vai causalos novamente, xerando descontento. Aclara que no seu centro a normativa interna inclúe a obrigatoriedade de dirixir TFG.
- O profesor Reigosa Roger indica que o TFG é un dereito para os estudantes, e debe ter recoñecemento docente para o profesor, porque é docencia. Na súa opinión, vai ser difícil convencer aos profesores para que dirixan, e a obriga reducirá a calidade. Hai que estudalo. Pregunta nesa revisión que se ten feito da normativa doutras universidades, cantas universidades aplican o decreto Wert. Responde a vicerreitora que a aplicación é xeneralizada, incluída xa a UdC. Apunta o reitor que Andalucía aplicou o decreto totalmente e sen desgravacións, e indica que tras a rolda de intervencións presentará un resumo.
- D. Federico Pérez Mato desexa que se analicen as consecuencias de esta redución concreta polo TFG, xa que non entende por que se fai. Pide que se mitiguen as consecuencias se a aplicación é lesiva, para que non haxa reducións de horas de 1600 a cero e para que non periguen postos de traballo, para que non se caia en aspectos economicistas.
- Intervén o profesor Pou Saracho para explicar o sentido positivo do seu voto, aínda que non ten clara a consecuencia da súa aplicación en números. Lembra a vicerreitora a exclusión do máximo de recoñecementos os proxectos fin de carreira de enxeñaría técnica industrial.
- Insiste o profesor Rodríguez Berrocal en que cada vez que di recoñecemento de actividades refírese ao POD, e hai que diferenciar isto do que se fai na realidade.
- Respecto do TFG, a vicerreitora considera imprescindible definir a carga de traballo real do alumnado e a dedicación do profesor.
- O profesor Reigosa Roger precisa que non hai que incentivar o TFG, temos que asumir que é unha obriga para o profesor, como o é para o alumno.

Finaliza a vicerreitora indicando que espera que as felicitacións se convertan en apoios.

Toma a palabra o reitor, quen realiza un resumo da situación e indica que o documento que recolle todo o traballo do profesorado xa debería ter sido elaborado, pero foi atopando atrancos na negociación. Por elo, para a negociación do próximo documento cambiarase o método: pecharase cos sindicatos un documento de bases (PDAI), no que recoñeza e poña en valor todas as actividades do profesorado e, aprobado iso, defínirase o documento que plasme a súa cuantificación no POD, de acordo coas limitacións económicas. Falarase cos decanos e directores de centro, para proseguir cos directores de departamento. E tamén se negociará coas outras sensibilidades da universidade. Empezarase axiña, para sacalo fora da presión do POD, co obxecto de ter algo asumible a final de curso. Este é o compromiso que adquirimos.

Con relación ao tema económico, comenta o reitor que a situación da Universidade non se ve favorecida polo crecemento vexetativo, xa que estamos no límite da masa salarial. A Universidade de Santiago de

Compostela vai empezar a ter unha certa marxe pola súa idade media, pero no noso caso non é así. En cambio, a nosa fortaleza é que, en comparación con outras universidades, tanto na aplicación do decreto Wert como nos recoñecementos, estamos moi por enriba da media. Moitas universidades non teñen un documento deste estilo, xa que non expresan os recoñecementos e a súa plasmación no POD realízase con negociacións individuais. Trátase dunha fortaleza, xa que a Universidade de Vigo é unha das universidades que máis aposta por recoñecer as actividades na docencia presencial. Refíre o reitor que o maior problema actual son os desequilibrios, polo que temos que loitar por lograr unha distribución mellor. Concorda co profesor Rodríguez Berrocal en que hai que poñer en valor as actividades que realiza cada un, aínda que aos efectos económicos non se poidan plasmar. Atenderanse aqueles problemas específicos que poidan xurdir en centros concretos, pero ten que quedar claro que para resolver unha situación puntual non se pode modificar a normativa de xeito que unha actividade compute dúas veces.

Finalizado o debate, procédese á votación a man alzada, co resultado seguinte:

Votos a favor: 27

Votos en contra: 4

Abstencións: 8

Apróbase por maioría a normativa de dedicación do profesorado e de recoñecemento en POD de actividades do PDI para o curso 2015/16 (**Anexo II**).

**Punto 7.** Aprobación, se procede, dos criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2015/16.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de organización académica e profesorado, quen indica que os criterios son similares aos de anos anteriores, pero con cambios que pasa a detallar.

O cambio fundamental reside en que, para calcular o número de horas que se asignaban aos centros se empregaba o Tamaño medio de grupo (TMG) establecéndose un valor obxectivo de 35. Con respecto desa cifra, algúns centros están moi por enriba e outros moi por debaixo, polo que este ano propónse o aumento nun terzo da diferenza entre o TMG e o obxectivo de 35. A idea era de ir progresivamente aumentando, pero pode negociarse tamén un novo documento no que se parta dun punto distinto e non se empregue o TMG.

Os cálculos de números de horas realizaranse para cada título excepto para aquelas titulacións dun mesmo centro que compartan materias.

Outra diferenza cos documentos de anos anteriores, é que todas as horas asignadas deben empregarse para docencia presencial. Nun escenario de redución de horas, explica a vicerreitora, estas deben empregarse na redución de tamaño de grupos, que repercurte nunha mellor atención ao alumnado e nunha menor carga de traballo do profesorado. Algúns centros usaban ata o 5% das horas como recoñecementos pero outros non podían facelo.

A COAP revisará o reparto se que faga, previamente á asignación as áreas.

Continua explicando que os centros deberán asignar ás materias de formación básica a máis de un departamento que poida asumir a docencia, de maneira priorizada, sendo a COAP quen a vista do conxunto, establecerá o encargo a un departamento. Esta priorización poderá estenderse a outras materias que o centro considere.

Tamén se inclúe na proposta de PDA o procedemento de solicitude de materias en inglés. O procedemento de solicitude de impartición de docencia en inglés está dispoñible na web da vicerreitoría de organización académica e profesorado.

Do mesmo xeito que as cuestións excepcionais dunha titulación de grao serán examinadas pola COAP, a vicerreitora propón incluír un texto similar para titulacións de máster, que serán tratadas na comisión de estudos de posgrao.

Finalizada a presentación da proposta dos criterios de elaboración da PDA, ábrese unha rolda de intervencións, tomando a palabra o profesor Rodríguez Berrocal, quen manifesta a súa sorpresa de que este documento non teña pasado pola COAP. Na súa consideración sería necesario. Explica que o seu voto será contrario de maneira sistemática, xa que, na súa opinión, o TMG é un criterio arbitrario.

Intervén a profesora Belén Rubio: Expón a dúbida de se nos centros con folgura se poderían empregar horas de PDA para recoñecementos. Indica que, en relación coas materias en inglés, no seu centro fíxose a implantación dos grupos a custe cero e, vendo o éxito, queren mantelos e aumentalos. Pregunta se é necesario realizar a petición antes.

O profesor Juan Pou explica que no seu centro, sempre estiveron en contra da Carga docente Básica (CDB) e o TMG. Diante da nova filosofía explicada polo reitor, ofrece a súa colaboración coa vicerreitora, co obxectivo final de que se logre impartir unha docencia de calidade aos alumnos. É necesario ver os problemas reais, a pesar de ser difícil xa que se empregan os números do curso anterior.

Responde a vicerreitora ao profesor Rodríguez Berrocal explicando que este documento non pasaba antes tampouco pola COAP, que non habería problema en facelo, pero mantivo o criterio fixado en anos anteriores. Indica que, nalgúns casos, non está claro que competencias teñen delegadas as comisións delegadas, polo que no proceso de modificación das normativas que se vai comezar agora, haberá que definir con claridade as competencias e o poder executivo das comisións.

En relación ao comentario do profesor Pou Saracho, indica que o TMG non ten dificultades conceptuais, pero pode non adaptarse a todas as circunstancias porque temos títulos de características moi diferentes. Pode haber outras posibilidades de definición que cómpre considerar.

En resposta a dona Belén Rubio, comenta que se produciu unha reflexión na COAP para encontrar un punto de equilibrio entre o que non custa diñeiro e o que ten sentido (non ten sentido facer grupos de 1) e o equilibrio entre títulos. Confirma que a bolsa pódese utilizar para facer grupos, non para recoñecementos a profesorado. Engade que este é o momento para facer a solicitude das materias en inglés, para poder saber que grupo ten a docencia en inglés, que alumnos a teñen, para que en todo momento se poida saber que profesor impartiu esa docencia, sempre verificado cun documento do centro. É unha cuestión de trazabilidade, remata a vicerreitora.

Replica a profesora Belén Rubio que está totalmente de acordo e o profesor Pou Saracho que agarda a ver como se retoma este tema para chegar a acordos.

Toma a palabra o reitor para indicar que xa existen documentos alternativos, que non chegaron a tempo para ser debatidos, que se porán enriba da mesa cando se inicie o proceso de debate do próximo documento.

Finalizado o debate, procédese á votación da proposta, co seguinte resultado:

Votos a favor: 29

Votos en contra: 2

Abstencións: 4

Apróbase polo tanto os criterios de elaboración da programación docente anual para o curso 2015/16

**Punto 8.** Estimación, se procede, do recurso de alzada presentado por don Germán Reza Miranda, contra a inadmisión a trámite da súa solicitude de avaliación curricular pola Xunta de Centro da Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte.

O reitor cede novamente a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que este tema podería corresponder á vicerreitora de Estudantes, pero como a avaliación curricular debe tratarse na COAP, fará ela a defensa da proposta. Explica que existe un procedemento claro para a aprobación da avaliación curricular, no que se empregan os datos que se levan utilizando nos últimos 10 anos, e este caso non cumpre estes requisitos, como se pode comprobar na documentación achegada coa convocatoria. Propón manter este criterio na avaliación e, polo tanto, desestimar o recurso presentado polo alumno.

Apróbase por asentimento a desestimación do recurso.

**Punto 9.** Aprobación, se procede, da Normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos do programa Horizonte 2020.

Cede o reitor a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia para a presentación da proposta de normativa.

Explica a vicerreitora que en 2014 iniciouse o novo programa de I+D+i da Unión Europea, Horizonte 2020; que presenta diferenzas nas condicións de financiamento dos proxectos con respecto ao programa anterior, VII Programa Marco, polo que é necesario revisar os procedementos de xestión que se utilizaban ata o momento na Universidade de Vigo.

En Horizonte 2020 todos os proxectos están financiados na modalidade de custos totais, incluíndo, polo tanto, os custos de dedicación do persoal propio. A Unión Europea establece unha porcentaxe de custos indirectos do 25%, calculado con respecto ao total dos custos directos exceptuados os gastos de subcontratacións. A porcentaxe de financiamento en todos os proxectos é do 100%. Estas condicións fan que na maioría dos proxectos exista unha diferenza significativa entre a cantidade a desembolsar pola Universidade para a execución do proxecto e a cantidade ingresada en concepto de subvención, diferenza que denominamos Recursos Libres Dispoñibles (RLD).

A presente normativa describe o procedemento para a xestión dos RLD xerados nos proxectos do programa Horizonte 2020. Co obxecto de incentivar a participación do persoal investigador en accións deste programa, propónse que unha parte significativa destes recursos quede a disposición dos equipos de investigación, que poderán utilizalos de modo libre en actividades de I+D+i derivadas ou non do proxecto. Explica a vicerreitora que os RLD poderán ser empregados para cubrir os custos non elixibles ocasionados polos proxectos, e que a porcentaxe de custos indirectos que se aplicará será o 15% da subvención. Da cantidade restante, unha vez retidos eses custos, dous terzos quedarán a disposición do equipo investigador e o outro terzo será retido pola Universidade. Os fondos asignados ao equipo investigador poderán ser empregados con ampla flexibilidade no que respecta aos conceptos de gasto, ata un ano despois da finalización do proxecto. Inclúese tamén a posibilidade de facer pagamentos persoais ao persoal investigador, coas limitacións marcadas pola lexislación vixente, aínda que se pretende incentivar especialmente que os recursos xerados se utilicen en actividades de I+D+i que poida ter unha maior repercusión na universidade e na sociedade; neste caso aplicarase unha detracción adicional dun 20% dos pagamentos realizados, en concepto de custos indirectos.

Na normativa explícase tamén o cronograma de dotación dos recursos liberados, e faise unha referencia á aplicación por analogía da metodoloxía formulada no caso de accións doutros programas internacionais diferentes de Horizonte 2020, pero con similares principios de financiamento.

Para finalizar, a vicerreitora indica que esta normativa foi aprobada en Comisión de Investigación do 16 de xaneiro de 2015.

O reitor pregunta se alguén quere facer algunha pregunta, e intervén o profesor Reigosa Roger para puntualizar que a normativa foi aprobada na comisión por unanimidade.

Apróbase a Normativa de xestión de recursos liberados dispoñibles nos proxectos do programa Horizonte 2020 (**Anexo III**).

**Punto 10.** Aprobación, se procede, da adhesión da Universidade de Vigo ao consello de universidades da Fundación Triptolemos para o Desenvolvemento Agroalimentario.

Explica o reitor que a Fundación TRIPTOLEMOS para o desenvolvemento agroalimentario é unha fundación que engloba a rede de Campus de Excelencia Internacional con actividade agroalimentaria españois, e naceu para crear un espazo transversal de diálogo e actuación entre todos os sectores implicados, dende o sector primario ata o consumidor. Inclúe un “Consello do Coñecemento”, no que está representado o CSIC e as universidades con Campus de excelencia; un “Consello de empresas” (Danone, Freixenet, Gallina Blanca...) e un “Consello de Institucións” con presenza da Conf. de Consumidores e Usuarios, a Federación Española de Bancos de alimentos etc. A Presidencia de Honra está ocupada por D. Federico Mayor Zaragoza.

A incorporación da UVigo a esta fundación é importante para reforzar a integración e visibilización do mundo da pesca na situación alimentaria global, aportando a súa experiencia e ideas. O liderado da Universidade de Vigo no eido do mar a configura como unha peza clave para o que denominan a liña azul da alimentación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 11.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *University of Myongji* (Corea) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *University of Myongji* (Corea) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vasile Alecsandri University of Bacau* (Romania) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Vasile Alecsandri University of Bacau* (Romania) – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad del País Vasco/Euskal Herriko Unibertsitatea*.

Indica o reitor que non hai ningún comentario que facer a estes convenios, polo que se solicita a súa aprobación.

Apróbanse por asentimento.

**Punto 12.** Rogos e preguntas.

Pregunta D. Hixinio González pola situación actual da proposta presentada no pasado Consello de Goberno, relativa á posible estabilización mediante contratación dos Parga Pondal. Responde o reitor, indicando que tiña a intención de informar con máis detalle no próximo Consello de Goberno. Estase traballando en dúas iniciativas:

- Programa de retención de talento: sería un programa de urxencia, que está sendo supervisado pola consellería de Facenda da XUGA. Parece que a resolución é inminente, na actualidade estanse aclarando os detalles.
- Aínda máis interesante é, opina o reitor, a segunda alternativa que abre unha nova porta. Estase a traballar na obtención do máximo rendemento da Lei da Ciencia. Esta opción permitirá facer programas abertos non só para a retención dos investigadores, senón para a captación de talento. Estase a intentar levar a cabo a modificacións legislativas que permitan a contratación a través da Lei da Ciencia. Se vai adiante, permitiríanos definir un itinerario de carreira científica.

Intervén Sr. Rodríguez Berrocal, quen traslada unha pregunta do profesor Pérez Abellás, que escusou a súa presenza no Consello de Goberno, en relación coa non participación da UVigo nas probas de selección de traballadores na Deputación de Ourense. Dá lectura a un documento que achega posteriormente para xuntar á acta (**Anexo IV**), xuntamente cunha noticia de prensa relativa a este tema.

Responde o reitor de que non lle consta a invitación a participar nese proceso. Solicitará a información correspondente e darase resposta.

Toma a palabra o profesor Reigosa Roger para formular sete cuestións:

- 1.- En relación cos profesores acreditados para cátedra. Sirve a acreditación para algo? Que vai pasar con eles? Existe algunha previsión?
- 2.- Hai novidades en relación con convocatorias Parga Pondal? Renovarán a aposta sacando prazas deste tipo?
- 3.- Nun recente CG inadmitiuse recurso presentado por dona Ana Pita Grandal, contra o acordo do Consello de Goberno de cambiar a xestión dos expedientes de ADE-Dereito. Esta reclamación foi presentada diante do Valedor do Pobo, pregunta pola situación deste trámite.
- 4.- Solicita que se tomen medidas polos inaceptables correos electrónicos aparecidos estes días na lista de comunidade, no que, na súa opinión, se insulta e difama a membros desta universidade.
- 5.- Pide información acerca da Universidade de San Jorge. Di que comparte a visión do reitor, e que se debería esixir que se cumpran as mesmas regras de xogo e manifesta o seu apoio as medidas que neste sentido queira tomar.
- 6.- Pregunta se é certo que as universidades cataláns apostan pola aplicación do 3+2, explica que está de acordo no extemporáneo do decreto e que o seu obxectivo é a recadar cartos, pero opina que, a nivel académico, habería que estudalo polo que propón a creación dunha comisión específica.
- 7.- En relación ao programa de retención de talento, pregunta se se logra R. e Cajal doutro ano.

- 1- En relación á cuestión dos catedráticos, explica a vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, que todo está moi indefinido: está pendente a saída de 8 prazas pola taxa de reposición e deberá negociarse o tipo de prazas que serán convocadas. Non se sabe cantas poderán ser de CU, non se sabe o número de acreditados que poderán concorrer a elas e tampouco se sabe canto durará a taxa de reposición. Aínda así recomenda que os profesores se acrediten.

Continúa o reitor explicando que a lectura detallada da Lei de orzamentos do estado indica que unha parte da taxa se estabilizará, pero existe unha disposición transitoria que abre a posibilidade de que determinadas situacións non contén na taxa de reposición, como é a promoción a catedrático. É unha opción interesante pero está sen aclarar como se vai a levar a cabo e, ademais, vai en contra da opinión de Wert, quen defende e promove a endogamia. Na opinión do reitor serve para dar saída aos membros do CSIC. Esta cuestión debateuse na CRUE, decidíndose que será estudada na asesoría xurídica da CRUE para valorar se convén preguntar á Facenda e como realizar a consulta para que a reposta supoña unha mellora con respecto da interpretación máis favorable.

- 2- En relación aos Parga Pondal, responde a vicerreitora de investigación e transferencia. Comenta as conversas mantidas coa consellería. Non sairán máis prazas con estas características, xa que estaban definidas no programa INCITE, e no programa de I+D+i I2C, actualmente vixente, as figuras se estruturan de xeito diferente: una primeira etapa posdoutoral de 3 anos de duración, con 2 anos de estadía fora da comunidade autónoma e un de incorporación ao centro de orixe, e unha segunda etapa posdoutoral de 2 anos con destino nunha universidade do SUG, para doutores de experiencia. A convocatoria da segunda modalidade debería saír este ano, e o antes posible, pero polo de agora no hai borrador de convocatoria.
- 3- Para responder a esta cuestión, cede o reitor a palabra á secretaria xeral quen indica que en efecto recibíuse un escrito do Valedor do Pobo no que se realiza unha recomendación de atender o recurso de dona Ana Pita, baseado en que non se deu audiencia, podendo causar indefensión. Lembra que o recurso presentado foi inadmitido a trámite nun Consello de Goberno de novembro, logo de pospoñelo por un fallo de comunicación. A ese Consello de Goberno foi invitada dona Ana Pita, quen non asistiu. A desestimación realizouse seguindo o parecer da Asesoría Xurídica, quen considera que unha normativa xeral so pode ser recorrida no contencioso. Dada a discrepancia co Valedor, solicitouse un novo informe á Asesoría Xurídica, que foi recibido estes días. Nese informe se ratifica na súa opinión

inicial, avalada por diversas sentenzas. Esta reitoría asume, polo tanto, esa opinión, e así se lle transmitirá ao Valedor do Pobo.

- 4- En relación ao rogo manifestado polo profesor Reigosa, o vicerreitor de Economía responde que sorprende a interpretación que se realiza en clave de oposición-goberno. Se o desexo é que se moderen as listas, debe solicitarse coas sinaturas correspondentes para que sexa tratado e debatido en Consello de Goberno.
- 5- A Universidade de San Jorge é unha universidade privada de Zaragoza e, como xa explicou no seu informe, esa tamén é a súa opinión: que se apliquen as mesmas regras.
- 6- O reitor di que, en efecto, hai cuestións económicas detrás: Se nos limita a independencia universitaria nos temas máis importantes. Na convocatoria de CRUE negociárase para ver se é posible que todas as universidades vaian xuntas, de tódolos xeitos no sistema galego irán todos xuntos.

Intervén a representante de alumnos dona Micaela Campanini e pregunta pola posible aplicación do decreto 3+2, porque afecta claramente aos alumnos. Solicita información ao respecto e que se informe a todos os membros da comunidade. Responde o reitor: as universidades están en contra da aplicación do criterio e, a pesar diso, cabe a posibilidade de que se aprobe. Nese momento farase a reunión da CRUE para ver como se actúa. A CREUP (Coordinadora de Representantes de Estudiantes) está posicionada no mesmo sentido que a CRUE. Ao non ter representación nesa coordinadora dos estudantes da UVigo, non poden obter a información de primeira man, pero nas comisións en paralelo vicerreitoría-estudantes que se manteñen pódese valorar a posibilidade de recoller a opinión dos estudantes e darlle traslado.

Toma a palabra o Sr. Pedro González. En canto a instrución para a devolución da paga extra, pregunta se foi enviada polos canles habituais. Responde a secretaria xeral indicando que si, que fora remitida a través das listas de correo.

Dado que el non recibiu a comunicación, pregunta se os que están en activo teñen que facer a solicitude ou se fai de oficio, e se nos outros casos hai que facer unha solicitude ante a Xerencia. Responde o vicerreitor que si, é así en ambos casos.

Prosigue o profesor González agradecendo a intervención do vicerreitor de Economía en relación á adquisición dun programa informático, básico para a docencia, que quedou pendente antes do nadal, pero xa debería estar. Responde o vicerreitor: recibirá resposta a semana que vén.

Intervén o Sr Federico Pérez Mato: diante do decreto 3+2 a posibilidade de moratoria de 2 anos, vai condicionar o tempo de debate, xa que pode establecerse unha especie de carreira, se non hai coordinación entre universidades, quedando as que manteñan o 4+1 en desvantaxe. Pregunta se hai algunha previsión ao respecto da moratoria e en relación aos estudos de posgra. Parece que se volve aos ciclos de antes.

Responde o reitor que os reitores se opuxeron a ese despropósito e o Consello de Estado deulles a razón. Falábase de que houbera unha moratoria, e sería lóxico despois do informe do Consello, pero non está claro. Intentarase chegar a un acordo, e se as universidades cataláns se adiantan, as do SUG irán en conxunto. Non se sabe se haberá moratorias, polo que non se sabe nada dos tempos. Opina que é unha cerimonia da confusión.

Toma a palabra o profesor Javier Roca, quen presenta un problema coas listas de agarda para a contratación de profesorado no seu departamento no segundo cuatrimestre. Indica que tiñan prazas concedidas no 1º e 2º, e o 13 decembro se lles informou de que non podían ser contratados. O problema é como se transmite a información aos departamentos, solicitouse unha entrevista coa vicerreitora pero está pendente.

Responde a vicerreitora de Profesorado e Organización Académica dicindo que este non é o foro para tratar este tema. Que o departamento foi informado polo menos 3 veces e o que di o profesor Roca non

se axusta á realidade, que a praza non estaba concedida. Contrataron dúas persoas no 1º cuadrimestre, quedou unha praza para o segundo cuadrimestre e non foi aceptada pola Xunta. Replica o profesor Roca indicando que non se debe comunicar tan próxima á data de comezo da docencia. E insiste en que non houbo comunicación oficial. A vicerreitora di que si se comunicou, e que habendo discrepancia a este nivel, é necesario mellorar o protocolo de comunicación.

Finalizada a rolda de intervencións o reitor convida a todos os membros do Consello de Goberno á súa participación no acto académico de Sto. Tomé de Aquino, que terá lugar o xoves 29, e no que se realizará a investidura de D. Michael W. Hanemann como doutor Honoris Causa e se entregarán os premios extraordinarios de fin de carreira, grao e doutoramento.

Ao non haber outros puntos que tratar, levántase a sesión ás .13:55 h do día 23 de xaneiro de 2015, da que eu como secretaria xeral dou fe co visto e praxe do reitor.



O reitor

Salustiano Mato de la Iglesia

A secretaria xeral



Gloria M. Pena Uris